

AXUDAS ENERXÉTICAS

O 18 DE XANEIRO ,publícanse no DOG :

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións **para proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares** para o ano 2021 (código de procedemento IN421O).

Poderán ser beneficiarias das subvencións, as persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 4 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.

As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda comezará o 3 de marzo, ás 9.00 horas, e finalizará o 1 de xullo de 2021.

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras das **subvencións para proxectos de enerxías renovables, de uso térmico, dirixidas a particulares**, para o ano 2021 (código de procedemento IN421P).

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 4 se realice en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Biomasa --Xeotermia --Aerotermia --Solar térmica

As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 1 de marzo e finalizará o 1 de xullo de 2021.

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións **para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos para o ano 2021, (código de procedemento IN417Y).**

Poderán ser beneficiarios das subvencións As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector servizos ou na industria.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 20 de xaneiro de 2021 e concluirá o 15 de outubro o de 2021.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega.